

DOMINGO VII ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA 1 Sam 26, 2. 7-9. 12-13. 22-23

Lectura do libro primeiro de Samuel

Naqueles días, Saúl baixou ó deserto de Zif con tres mil homes escolleitos de Israel, para buscar alí a David.

David e Abixai chegaronse de noite ó acampamento e viron que Saúl estaba deitado, durmindo no cercado, coa lanza cravada no chan, á súa cabeceira. Abner e o exército estaban deitados, durmindo ó redor. Abixai díxolle a David: - Hoxe puxo Deus o teu inimigo nas túas mans. Vouno cravar contra o chan dun golpe de lanza, que non cumprirá repetir. David respondeulle a Abixai: - Non o mates, que ninguén poñería a man impunemente sobre o unxido do Señor.

David colleu a lanza e a xerra da auga de onda a cabeceira de Saúl e fóronse sen que ninguén os vise, nin se decatase, nin espertase. Estaban todos durmidos, porque un sono do Señor caera riba deles. David pasou para a outra banda e detívose no cume do monte, deixando un longo treito entremedias. Dende alí, gritou: - Aquí está a lanza do rei. Que veña recollela un dos teus homes. O Señor halle ter en conta a cada un a súa xustiza e a súa lealdade, pois El púxote hoxe nas miñas mans, pero eu non quixen erguelas contra o unxido do Señor.

SALMO RESPONSORIAL Sal 102, 1-2. 3-4. 8 e 10. 12-13.

R/. (8a): **O Señor é misericordioso e clemente.**

Alma miña, bendí o Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
Alma miña, bendí o Señor,
non esqueza-los seus beneficios.

El perdoa as túas culpas
e sanda as túas doenzas;
rescata a túa vida da morte
e coróate de amor e de tenrura;

O Señor é misericordioso e clemente,
tardo á ira e rico en mercés.

Non nos trata conforme ós nosos erros
nin nos paga conforme ás nosas culpas.

Canto dista o nacente do poñente,
así arreda de nós as nosas culpas;
canto un pai ama os seus fillos,
así ama o Señor os que o temen.

SEGUNDA LECTURA 1 Cor 15, 45-49

Lectura da primeira carta do Apóstolo San Paulo ós Corintios

Irmáns: O primeiro home, Adán, fixérono un ser vivo; o último Adán, un espírito que dá vida. Pero non foi primeiro o espiritual, senón o natural, e despois o espiritual. O primeiro home, saído da terra, era terrestre; o segundo home veu do ceo. Como era o terrestre, así son os terrestres: e como é o celeste, así son os celestes. E o mesmo que antes levámo-la imaxe do terrestre, tamén levarémo-la imaxe do celeste.

EVANXEO Lc 6, 27-38

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: - A vós, que me escoitades, dígovos: Amade os vossos inimigos, facédelles ben ós que vos odian, bendicide ós que vos maldín e rogade polos que vos calumnian; ó que che zoupe nunha meixela, preséntalle a outra; e ó que che leve o manto, non o prives de levar tamén a túnica. Ó que che pida, dálle; e ó que che leve o teu, non lle reclames nada. Así que tratade a xente tal como queredes que vos traten a vós.

Se amáde-los que vos aman, ¿que facedes de máis? Os pecadores tamén aman a quen os aman a eles. E se lles facedes ben ós que vos fan ben, ¿que mérito tedes? Os pecadores fan outro tanto. E, se non emprestades máis que cando esperades cobrar, ¡poucas gracias! Os pecadores tamén se emprestan entre eles para cobraren despois outro tanto.

Vosoutros non; vós amade os vossos inimigos, facede o ben e emprestade sen esperades nada a cambio. E así teredes unha gran recompensa e sereis fillos do Altísimo, pois El é bo cos malos e desagradecidos.

Sede compasivos como o voso Pai é compasivo. Non xulguedes, e non vos xulgarán; non condenades, e non vos condenarán; perdoade, e hanvos perdoar.

Dade, e darásevos a vós: unha boa medida -acugulada, rebordada, apretada- seravos botada no voso regazo; pois coa medida que midades hanvos medir a vós.